

CO₂RUÑA



NÚMERO 22

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**

CONCELLO DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
VIVA



A EDUCACIÓN AMBIENTAL CONTINUOU NO VERÁN CO PROGRAMA EN PRAIAS

De novo este ano a educación ambiental tivo un sinalado protagonismo nas datas centrais do verán na praia de Riazor

Como nos veráns precedentes unha caseta, situada xunto ás instalacións do servizo de socorrismo, foi ou punto de encontro ambiental municipal nos areais da cidade. A cidadanía que se achegou ata este punto puido ver a exposición “Praia viva, praia morta”, ou divertirse aprendendo nos distintos obradoiros guiados por unha educadora. En total foron case tres meses nos que de luns a venres a atención do servizo revelou a todos e todas os problemas máis urxentes que sofren os mares do mundo, incluíndo os que son tamén comúns á nosa costa.

Na zona próxima á caseta tamén se instaláron paneis con contidos educativos. Apoiados neles era posible tomarse fotos de recordo ou imaxes que subir ás redes sociais. Tiveron gran éxito entre o público xuvenil e as familias que coas súas tomas dixitais leváron unha mensaxe ambiental do seu paso pola nosa cidade.




AS VISITAS NON SE DETIVERON NOS MESES ESTIVAIS

As visitas a distintos lugares de interese ambiental do municipio están englobadas dentro da programación de educación ambiental do Concello. Están destinadas a calquera grupo de idade ou colectivo.

As datas do verán son para moitos grupos ou familias xornadas con máis tempo dispoñible.

En xullo, agosto e setembro proseguiron as visitas cada venres aos contornos do ENIL da Torre de Hércules e ou ENIL Illas de San Pedro.

En datas singulares fora da programación ordinaria neste verán acompañamos os alumnos e alumnas dos centros ADCOR da cidade no contorno do ENIL da Torre de Hércules. Estes centros, que atenden a persoas con diversidade funcional realizaran xa tamén en anos precedentes esta saída con programa municipal polo que estase a converter para eles nun clásica do seu final de período lectivo.



PACTO DOS ALCALDES

OUTUBRO DE 2018

A concelleira de Medio Ambiente, María García, asiste estes días en Barcelona á reunión estatal do Pacto dos Alcaldes en España, que organiza a Oficina do Pacto dos Alcaldes e que serve para avaliar os dez anos deste pacto e deseñar estratexias de futuro.

No curso das xornadas, tamén tivo lugar a Conferencia Internacional de Municipios polo Clima, na que a responsable municipal, en representación do alcalde da Coruña, puido expoñer a experiencia da cidade durante os últimos tres anos en achegar solucións baseadas na natureza e mecanismos de adaptación ao cambio climático, experiencias que poden servir como exemplo para outras cidades.



Pacto de los Alcaldes

Por una energía
sostenible local

COÑECES A COMPOSTAXE?

Consiste en transformar os residuos orgánicos do teu fogar nun fertilizante para as túas plantas ou xardín. É sinxelo e moi cómodo.

Só tes que ter un pequeno espazo no xardín ou na horta e un composteiro.

Coa compostaxe, reciclas a materia orgánica e axudas a reducir a cantidade de residuos que acaban no colector. Os residuos non viaxan porque quedan na túa casa e isto permite cerrar o ciclo da materia orgánica, como na natureza, ademais de axudar a frear o cambio climático.

Comezamos nos barrios de Elviña e Eirís-Pedralonga pero pouco a pouco estenderemos o programa ao resto do Concello.



Queres formar parte? Estes son os criterios de inscrición:

- Que a vivenda na que vas poñer o composteiro pertenza ao concello da Coruña e a un destes dous barrios preferentemente. Se quedasen prazas dispoñibles escolleranse doutros barrios da cidade
- Que sexa a túa residencia habitual
- Ter un pequeno espazo no teu xardín ou horta
- Priorizaranse as vivendas nas que residan un maior número de persoas de maneira habitual
- Estar disposta/o a participar do proxecto educativo: unha formación inicial e tres visitas á túa casa da monitora do proxecto
- A orde de inscrición definirá que entres ou non nesta primeira fase do programa. Priorizaranse as 50 primeiras persoas inscritas que cumpran mellor estes requisitos

un forno solar a partir de caixas e cartón, papel de xornal, cola, tesoiras, aluminio, pintura de cor negra, pinces...





A cambio, terás:

- Un composteiro para situar na túa vivenda
- un manual de compostaxe
- unha formación ao comezo
- a axuda dunha persoa técnica en compostaxe de Amigos da Terra á que lle poderás consultar todas as dúbidas e que te visitará na túa casa para facer o seguimento do proxecto

De entre todas as solicitudes recibidas, realizaremos a selección para esta primeira parte, e se non es elixida/o non te desanimes, quedarás na lista de espera para a seguinte convocatoria.

Ínscribete enviando a ficha de inscrición a: compostacoruna@coruna.es

Ou no teléfono 671865839

Porque é cómodo, porque é ecolóxico, porque está de moda, porque tes compost gratis, porque participa toda a familia, porque freas o cambio climático. Sobran os motivos.

Apúntaste? Composta Coruña!

VOLVE! A PÉ DE BARRIO

“A pé de barrio” é un plan intensivo de coidado do espazo público que se suma ao traballo diario de limpeza e mantemento. As rúas e prazas son o lugar no que convivimos, a cidade en común. Se as coidamos, gañamos en benestar para todos e para todas.

Do 19 de xuño ao 17 de setembro o Plan intensivo de coidado do espazo público volveu ao Distrito 10.

270 rúas!!!!

Agradecemos a túa colaboración

Liberando a rúa de coches (cando tocou nestos barrios) facilitando a nosa intervención.

Coa túa comprensión nestas semanas é coa túa cooperación todo o ano...

O que é bo para ti, é bo para o teu barrio e para toda a cidade. Contamos contigo!.



ESPAZOS VERDES RENOVADOS E NATURALIZADOS

O goberno local vén de dar un novo paso no seu obxectivo de naturalización e ampliación dos espazos verdes da cidade coa posta en marcha dun proxecto de mellora integral de rotondas da cidade. As infraestruturas comprendidas nesta primeira fase son as dúas rotondas do entorno de Espazo Coruña, así como a que se atopa en Matogrande fronte ao Hotel Attica e a ubicada no Paseo Marítimo á altura do hotel Tryp María Pita.

“Neste momento, e tras rematar os traballos nas dúas primeiras rotondas, estase a actuar na rotonda de Matogrande”, informou a concelleira de Medio Ambiente. “Este traballo de mellora dos espazos verdes existentes nas rotondas, introducindo conceptos de paisaxismo, non só favorece ao ter unha cidade máis amable no seu espazo público, senón que tamén entronca directamente co labor que desenvolve o Concello para favorecer a expansión do arborado e os espazos verdes dentro da cidade”. Ademais no mesmo acto a concelleira manifestou que o goberno local rematará o ano superando o obxectivo que se marcara de aumentar en 1.500 os exemplares arbóreos da Coruña.






www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para máis información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
VIVA

